

NORMATIVA DE RECOÑECIMIENTO DE ACTIVIDADES DE DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E XESTIÓN NO CURSO 2012/13

No marco normativo actual, o recoñecemento de actividades do persoal docente e investigador contabilízase exclusivamente sobre as 240 horas lectivas anuais do profesorado a tempo completo, que son as que quedan rexistradas no POD de cada curso académico.

É unha demanda da comunidade universitaria e tamén un compromiso do actual equipo de goberno incluír nos esquemas de recoñecemento o rexistro de todo tipo de actividades académicas do PDI: actividade docente básica, titorías, actividade docente complementaria, así como actividades de investigación e transferencia e de xestión. Unha das principais dificultades radica na falta de normativas que regulen as obrigas académicas en cada unha das compoñentes mencionadas. Como xa se indicou, a única compoñente regulada é a das 240 horas anuais de actividade docente básica para o profesorado a tempo completo.

Tanto no recente borrador do Estatuto do PDI como no borrador do *Real Decreto por el que se establecen los requisitos básicos para la creación, reconocimiento y funcionamiento de universidades y centros universitarios y se determina su estructura mínima*, contemplábanse as directrices básicas para o desenvolvemento do denominado Plan de Dedicación Académica Individual (PDAI), no que se deberían desglosar, rexistrar e recoñecer todas as actividades académicas desenvolvidas polo persoal docente e investigador.

Diante da paralización do Estatuto do PDI e da actual incertidume sobre o futuro marco normativo estatal relativo ao recoñecemento de actividades do profesorado, é necesario iniciar o proceso de elaboración do novo regulamento de profesorado da Universidade de Vigo. Nese regulamento estableceranse as directrices para o deseño do recoñecemento e rexistro do conxunto de actividades do PDI.

A idea é establecer inicialmente un criterio de equilibrio entre a docencia e a investigación para o profesorado a tempo completo, previamente a calquera esquema de recoñecemento de intensificación docente ou investigadora e de transferencia. Distinguiríanse as seguintes compoñentes de actividade do PDI:

- Actividade docente básica (ADB)
- Actividade de titoría
- Outra actividade docente
- Actividade de investigación e transferencia

A figura 1 corresponde a unha posible distribución na que se expresa o equilibrio antes mencionado, no caso de un profesor/a que non exerce cargos de xestión.




Figura 1. *Compoñentes da actividade do profesorado que non exerce xestión.*

Sobre este esquema inicial, un profesor ou profesora que exerce, por exemplo, algunha actividade de xestión incorpora unha nova compoñente que reduce a súa dispoñibilidade para a docencia e a investigación a partes iguais. É dicir, no caso de que foran recoñecidas actividades de xestión, reduciríanse proporcionalmente todas as compoñentes da actividades desa persoa polo que o cómputo do recoñecemento non debe facerse sobre as 240 horas lectivas senón sobre toda a xornada laboral.

Ao mesmo tempo que se traballa no deseño do futuro esquema de recoñecemento de actividades que entraría en vigor no curso 2013/14, con vistas ao inicio do proceso de elaboración do POD do curso 2012/13, é necesario concretar e cuantificar o conxunto de actividades docentes, de investigación e de xestión desenvolvidas polo profesorado. Tomarase como referencia a normativa de recoñecementos xa aplicada no curso anterior, incorporando algunha variación ou axuste.

Así pois, o Consello de Goberno de 8 de febreiro de 2012 acorda establecer a presente normativa de recoñecementos no POD do curso 2012/13.

Contemplanse recoñecementos en POD nos seguintes apartados:

1. Recoñecementos como apoio á actividade docente dos centros.
2. Recoñecementos como apoio ás ensinanzas de posgrao.
3. Recoñecementos como apoio ás actividades de I+D+i.
4. Recoñecementos por cargos académicos ou actividades de xestión.

Para o profesorado a tempo completo, a suma de recoñecementos correspondentes ao conxunto dos catro apartados anteriores será como máximo de 210 horas (ou o equivalente proporcional se a capacidade docente é inferior a 240 horas). No caso do profesorado a tempo parcial, a suma total de recoñecementos non poderá ser superior á terceira parte da súa capacidade docente. As excepcións a esta limitación deben ser acordadas expresamente en Consello de Goberno.

1. RECOÑECIMENTOS COMO APOIO Á ACTIVIDADE DOCENTE DOS CENTROS:

Establécense os seguintes recoñecementos na actividade docente básica, tendo en conta que a suma de recoñecementos correspondentes aos apartados 1 e 2 desta normativa terá un máximo por persoa igual á metade da súa capacidade docente.

a) Apoio directo á actividades de coordinación, organización docente e calidade:

- 10 horas por cada máster adscrito ao Centro
- 60 horas por cada titulación de grao adscrita ao Centro
- 10 horas por cada módulo completo de 20 estudantes de grao de nova matrícula no primeiro ano do curso 2011/12

b) Apoio á Traballo Fin de Grao:

Asígnase ao Centro unha bolsa de recoñecemento equivalente a 1 hora por cada traballo fin de grao de 6 ECTS matriculados no curso 2011/2012.

c) Apoio ao Practicum (prácticas externas regradas):

Asígnase ao Centro unha bolsa de recoñecemento equivalente a 1 hora por cada 4 estudantes e por cada 6 ECTS matriculados no curso 2011/12.

d) Apoio aos programas de prácticas preprofesionais:

Asígnase 1 hora por cada 4 estudantes que realizaran prácticas preprofesionais no curso 2010/11.

e) Apoio ás actividades de intercambio de estudantes:

Asígnanse 5 horas por cada módulo de 8 estudantes acollidos/as aos programas de intercambio SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI. O número considerado será a suma de estudantes propios/as e alleos/as acollidos/as aos programas no curso 2010/11.

f) Dirección de Proxectos Fin de Carreira:

Asígnase directamente ao profesorado involucrado 8 horas de recoñecemento en POD aplicado ao promedio de proxectos fin de carreira dirixidos e defendidos na Universidade de Vigo nos cursos 2009/10 e 2010/11, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas por profesor/a.

O equipo directivo do Centro propondrá a distribución entre o profesorado do centro da bolsa de horas resultante da suma da aplicación dos recoñecementos docentes (a), (b), (c), (d) e (e) e do cómputo, se é o caso, do 5% (como máximo) das horas derivadas do tamaño medio de grupo, segundo os criterios de elaboración da programación docente anual. A distribución realizarase de acordo cuns criterios que deben ser aprobados na Xunta de Centro en función das estratexias e prioridades deste. Estes criterios deben ter relación coa actividade docente desenvolvida no Centro e poden contemplar, ademais das actividades que dan orixe directo ás deducións, tarefas como coordinación de curso, módulo ou materia, coordinación vertical entre cursos, accións vinculadas ao plan de acción tutorial (PAT), accións de mellora da calidade, implantación de proxectos de innovación educativa, tarefas de difusión da oferta formativa do centro e captación de estudantes, etc. A Xunta de Centro deberá coñecer a distribución resultante.

2. RECOÑECIMENTOS COMO APOIO ÁS ENSEÑANZAS DE POSGRAO:

Establécense os seguintes recoñecementos na actividade docente básica, dependendo do tipo de máster e tendo en conta que, tal como se menciona no punto 1, a suma de recoñecementos correspondentes aos apartados 1 e 2 terá un máximo por persoa igual á metade da súa capacidade docente.

a) Período de formación de programas de doutoramento (másteres de investigación):

As bolsas de recoñecemento dos programas de doutoramento están vencelladas aos resultados acadados polos programas nas convocatorias de calidade e/ou excelencia. Outórgase, xa que logo, unha bolsa de horas de recoñecemento docente á Comisión Académica do Máster (CAM), a cal propondrá e aprobará colexiadamente a distribución desas horas entre o profesorado do máster, de acordo cos criterios que se teñan aprobados en función das estratexias e prioridades do programa de doutoramento.

O número de horas da bolsa de recoñecemento é o que segue:

(i) Programas de doutoramento que se presentaron á convocatoria da mención cara á excelencia do Ministerio de Educación de 2011:

- 800 horas para os programas que acadaron a mención cara á excelencia
- 650 horas para os programas que tiveron informe favorable de ANECA pero non acadaron a mención cara á excelencia.
- ata un máximo de 550 horas (dun xeito proporcional á puntuación obtida) para os programas que solicitaron a mención cara á excelencia, e acadaron unha puntuación inferior á necesaria para obter informe favorable de ANECA. A bolsa máxima de 550 horas obterase cunha puntuación de 69 no informe de ANECA.

(ii) Programas de doutoramento que non se presentaron á convocatoria da mención cara á excelencia do Ministerio de Educación de 2011 e foron avaliados en convocatorias previas de calidade da ANECA ou da Universidade de Vigo:

- 550 horas para os programas que acadaran a mención de calidade
- 450 horas para os programas que acadaran o 80% da puntuación requirida para dita mención de calidade
- 400 horas para os programas que acadaran o 60% da puntuación requirida para dita mención de calidade

(iii) Resto dos programas e programas de nova implantación no curso 2011/12: 300 horas.

En todos os casos anteriores, polo menos dúas terceiras partes das horas da bolsa de recoñecemento deberán constar como impartidas por profesorado da Universidade de Vigo na programación académica do máster no curso 2011/12, seguindo os datos reflectidos na plataforma de xestión académica Xescampus.

No caso de programas interuniversitarios de máster que na Universidade de Vigo teñan menos matrícula cá mínima esixible para os programas propios, aplicarase un coeficiente de redución da bolsa de recoñecemento en función da matrícula acadada.

A bolsa inclúe o recoñecemento pola coordinación do programa. Do recoñecemento que a CAM estableza por labores de coordinación, 45 horas poden ser engadidas ao máximo do recoñecemento en POD que o/a coordinador/a do programa pode acadar polos apartados 1 e 2 da presente normativa.

Na procura de certa flexibilidade, engádese a posibilidade de que a CAM dun programa de investigación acorde elixir unha combinación entre o incentivo do recoñecemento en POD e o incentivo económico. Neste sentido, a CAM pode renunciar a 100 horas como máximo da súa bolsa de recoñecemento en POD e aumentar a dotación económica do máster en 3.000 euros no exercicio económico do ano 2013 para pagar ao profesorado externo. Se por algunha circunstancia o máster non se impartira no curso 2012/13, non se recibirá esa cantidade nin será posible recuperar as horas do recoñecemento ás que se renunciou no momento da confección do POD. Por outra banda, se a CAM acorda combinar os incentivos económico e de recoñecemento en POD, o profesorado da Universidade de Vigo non poderá recibir retribución económica ningunha pola súa docencia no máster durante o curso 2011/12.

b) Másteres sen repercusión en POD (másteres profesionalizantes):

Como norma xeral, este tipo de máster únicamente poderá contar co recoñecemento de 45 horas en POD pola coordinación do mesmo.

Excepcionalmente, para este tipo de máster defínese un procedemento que permite que a CAM elixa a combinación máis axeitada entre incentivo económico e recoñecemento en POD. O apoio está baseado en tramos de 600 ECTS matriculados, sendo o mínimo esixible 1.200 ECTS matriculados (equivalentes a 20 estudantes a tempo completo). Establécese a seguinte equivalencia entre apoio económico e

recoñecemento en POD, de xeito que cada máster poderá elixir o modelo a implantar:

- Polo primeiro módulo de 1.200 ECTS matriculados, o máster terá unha porcentaxe P de 300 horas de recoñecemento en POD e unha porcentaxe (100-P) de 20.000 euros de incentivo económico.

- Por cada módulo adicional de 600 ECTS incrementarase o anterior nunha porcentaxe P de 100 horas de profesorado en POD e unha porcentaxe (100-P) de 10.000 euros de incentivo económico.

Cada mestrado poderá optar por unha porcentaxe P a elixir entre 100%, 75%, 50% e 25%. Se a CAM acorda combinar o incentivo económico e mailo recoñecemento no POD, o profesorado da Universidade de Vigo non poderá recibir retribución económica ningunha pola súa docencia no máster durante o curso 2011/12.

Para todo tipo de máster (de investigación ou profesionalizante), aos efectos de establecer as cantidades máximas de recoñecementos, as 45 horas correspondentes á coordinación computarán no apartado 4 da presente normativa, relativo ao recoñecemento por cargos académicos ou actividades de xestión e estarán suxeitas ao máximo dese apartado.

3. RECOÑECIMENTOS COMO APOIO ÁS ACTIVIDADES DE I+D+i:

Establécense os seguintes recoñecementos na actividade docente básica tendo en conta que a suma de recoñecementos correspondentes neste apartado terá un máximo por persoa equivalente á metade da súa capacidade docente.

a) Apoio aos grupos de referencia competitiva (Xunta de Galicia) e grupos que lideran proxectos europeos, Cenit e Consolider:

- Os grupos de referencia competitiva da Xunta de Galicia terán un recoñecemento de 60 horas

- Os grupos que lideren proxectos europeos do programa Marco, Cenit ou Consolider asignados á Universidade de Vigo terán un recoñecemento durante o período de execución de 60 horas/ano por liderar o proxecto e de 45 horas/ano por liderar un subproxecto ou "Work Package".

b) Sexenios: Asignarase a cada profesor/a 5 horas/ano de recoñecemento por cada sexenio avaliado positivamente na convocatoria de 2010 ou en convocatorias anteriores.

c) I3: Asígnanse 30 horas/ano durante tres anos para o profesorado para o que a Universidade acadou financiamento no programa I3 ou a partir do Convenio para o programa de estabilización da Xunta de Galicia (antigo Manuel Colmeiro). A suma das 30 horas por profesor/a será prorrateada entre todo o profesorado que obtivo avaliación positiva.

d) Dirección de teses de doutoramento: Asignaranse aos seus directores/as 30 horas/ano polo promedio de teses dirixidas e defendidas na Universidade de Vigo nos cursos 2008/09, 2009/10 e 2010/11, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas. Terán o mesmo tratamento as teses dirixidas nun convenio de cotutela asinado pola Universidade de Vigo.

4. RECOÑECEMENTOS POR CARGOS ACADÉMICOS OU ACTIVIDADES DE XESTIÓN:

Asígnanse os recoñecementos na actividade docente básica indicados na táboa seguinte, tendo en conta que en caso de ter recoñecemento en máis dun subapartado, a suma das deducións neste apartado será como máximo de 150 horas.

CARGOS ACADÉMICOS	Horas/ano
Reitor/a (*)	240
Vicerreitores/as, Secretario/a Xeral e Presidente/a do Tribunal de Garantías (*)	180
Comisionados/as	150
Delegado/a do Reitor/a na CiUG	150
Directores/as de área	90
Decanos/as / Directores/as de Centros	120
Directores/as Departamento	60
Vicedecanos/as / Subdirectores/as / Secretarios/as de Centro	45
Secretarios/as e Subdirectores/as de Departamento	30
Directores/as de Sección Departamental	
Colaboradores de programas científicos (artigo 19 da Lei da Ciencia)	60
Xestores/as de programas de investigación autonómicos.	45
Membros de Comisións de Acreditación ou de Verificación da ANECA.	45
Delegados/as da Universidade en Centros adscritos	30
Responsable Oficina Software Libre Universidade de Vigo	30
Representantes da Universidade en institucións	20 (30 por 2 ou máis institucións)

(*) excluídos das limitacións establecidas nesta normativa

5. RECOÑECEMENTOS POR REPRESENTACIÓN SINDICAL

Serán os que correspondan segundo convenios, acordos ou normativas. As horas de redución que resulten computarán no apartado 4 da presente normativa e estarán suxeitas ao máximo dese apartado.